



IIIEDINDO ◦ XESTO, +RAZANDO ◦ +EIIPO

ANA PÉREZ VENTURA
E
GONZALO SELLÉS LENARD

CENTRO CULTURAL
MARCOS VALCÁRCEL
Ourense

Edita



Patrocina



Presidente Deputación Ourense
Manuel Baltar

Deputada de Cultura
Patricia Torres Madureira

Director Centro Cultural Marcos Valcárcel e
coordinador de exposición e catálogo
Francisco González Bouzán

EXPOSICIÓN

Comisaria da exposición
Fátima Otero

Idea, coordinación e deseño do proxecto
Gonzalo Sellés Lenard

Administración e Xestión de Fondos
Salomé Caamaño

Coordinación de Montaxe e Manipulación
Manuel Pérez Cid

CATÁLOGO

Textos
© **Fátima Otero**

Revisión galego
**Gabinete de Galego
Deputación Ourense**

Fotografía
© **M. Náchér**
© **Edith López (páx. 26)**

Deseño
nacherpublicidad

Depósito legal
OU 20-2023

© **Deputación Ourense**

IIIEDINDO o XESTO, +RAZANDO o +EIIIPO

FÁTIMA OTERO, comisaria da exposición.

A exposición *Medindo o xesto, trazando o tempo*, transforma a sala 2 de exposicións do Centro Cultural Marcos Valcárcel con formas pictóricas aditivas, trazos reiterativos e dinámicos capaces de proporcionar unha sensación sonora á sala expositiva.

Nesta mostra conxunta do artista vigués Gonzalo Sellés Lenard (Ferrol, 1965) e Ana Pérez Ventura (Santiago de Compostela, 1981) artista asentada en París, ponse en valor o proceso, o tempo e as variacións rítmicas que se establecen ao repetir un motivo de xeito singular e totalmente orixinal. Estas creacións, lonxe de nacer predeterminadas, xorden audaces, complexas e só se descubren na súa totalidade ao percorrer a sala.

A mostra xorde coa idea de forxar conexións entre series que comparten elementos en común, aínda que as respectivas traxectorias percorreron camiños separados. Longas series, *Fuzzy* e *Études*, xúntanse unha vez máis. Antes, admiráronse en 2022 no Museo do Mar de Galicia en Vigo, e por separado en importantes galerías. Actualmente, enriquecécese con novas formas saídas directamente do

taller, nas que se aprecia como foi evolucionando un traballo serial, iniciado hai xa máis de doce anos.

Este proxecto invita a reflexionar sobre conceptos tan abstractos como o tempo, a sincronía e o xesto cun impecable dominio da técnica artística e un lirismo compositivo non exento de beleza. Ambos pretenden capturar a intanxibilidade do tempo en máis de 300 obras que nos transportan a territorios emocionais nos que potenciar os nosos sentidos. As obras presentadas percíbense máis activas que nunca e non deixan de circular e cobrar novos xiros nunha viaxe que semella ilimitada.

O comezo desta ruta existencial de Sellés Lenard parte dunha forma vexetal multiplicada incansablemente por disposición aditiva nun sen fin, co propósito de rexistrar a temporalidade a través da obsesión reiterativa, moi na liña de On Kawara e Roman Opalka. Así, enlaza un motivo tras outro, secuencialmente, de xeito cadencioso e rítmico coa misión de dotar de dinamismo unhas composicións, se cabe, de maior elegancia visual.



O sentido de *Fuzzy* dá a melódica repetición dun mesmo elemento en sucesión, que mide o tempo e rexistra a súa monotonía e a acción rítmica de ir enlazando pétalos para crear delicadas secuencias que cambian segundo o azar do creador. O artista reúne a filosofía Zen coa estética naturalista no seu achegamento aos fenómenos naturais, pero manexa formas e gamas exclusivamente saídas do tubo de pintura para logo mesturalas sabiamente para conseguir impolutos brancos e fabulosas gamas en grises. Aplica ricas tonalidades pacientemente degradadas para xerar todo un xogo de claroscuros que dotan de intriga as súas orixinais composicións.

Sellés persegue a beleza formal, por iso sérvese de fondos extremos nos que pasa da fogosidade máis absoluta á máis profunda das tebras, sendo consciente de que toda beleza perde a súa existencia se se suprimen os efectos da sombra; de aí que as súas figuras colocadas na escuridade emitan tanta irradiación.

Novas formas enriquecen esta serie. Diversificáronse en formatos xeométricos: triangulares, cuadrangulares, circulares ou cilíndricos, sempre cargadas de crecemento vexetal interior. En moitos cadros, as formas estreladas dispóñense aleatoriamente por todo o lenzo. Resplandecen ao destacar sobre fondos candentes, altamente cargados de enerxía. Escintilan por unha preciosista carga máterica en tonalidades decrecentes do branco roto ao gris. Son

brillantes formacións inundadas de luz pola habilidade no manexo dunha coloración especial capaz de conseguir un relevo conmovedor e perturbador que incita a acariciar.

Ás veces, o crecemento vexetal ao que nos ten acostumados resulta pendular, próximo a estruturas vexetais colgantes. En ocasións, as caídas fluídas ocupan todo o lenzo, necesitando un atento espectador para activar un movemento ilusorio en patróns estáticos, moi na liña do Op Art. Outras veces, o motivo dispérsase en ramificacións oblicuas ou flúe diagonalmente para facernos pensar en formacións fitolóxicas como atrapadas en profundidades insondables.

As formas naturais desde sempre foron alento e alimento do seu traballo serial. *Fuzzy* parte do concepto de lóxica difusa para establecer unha relación entre os procesos de formación vexetal e os de creación pictórica.

Un labor sumamente preciosista, persoal e íntimo é a deste vigués, que segue a tendencia oriental de Tanizaki de atopar beleza na escuridade. Así, da máis abisal das profundidades, emerxen novas e plétóricas floracións avermelladas, acendendo os escuros fondos nas que se aloxan.

Ana Pérez Ventura, na súa serie *Études* iniciada en 2007, traduce ao eido visual a experiencia invisible da música. Visualiza o son mediante liñas, cores, capas de vernices e veladuras. O ritmo producido pola



repetición sistemática dun mesmo xesto é froito de descontextualizar con fins estéticos os exercicios de aprendizaxe dos estudos musicais. Os movementos das súas mans ao piano fúndense cos da práctica pictórica ocupando o espazo compositivo de xeito circular.

Coa intención de evitar unha nula marxe de erro, a precisión, paciencia e disciplina son excelentes. Por isto, a artista idea un rotulador especial cargado de acrílico, idóneo para non levantar a man do lenzo e producir regulares e seguidas liñas circulares ás que superpoñen capas e máis capas de veladuras. E así conforma conglomerados no espazo como un *totum revolutum*. Na superficie quedan signos, os remuíños do trazo, unha especie de caos suficiente para incitar o efecto sonoro na composición.

A artista compostelá residente en París, consegue atrapar o tempo intanxible da música con gran elegancia formal. A experiencia etérea, evasiva e fuxidía faise corpórea e textural para invitar a todo espectador sensible a presentir a suxestión melódica. Un traballo que require da máxima concentración, iniciado hai xa quince anos, e que continúa activo, aínda que no camiño xurdisen novas series tan atractivas como os Notages ou os Neumas. Estes últimos forman parte da colección do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Toda a súa produción emana das liñas melódicas das partituras. De feito, entende o lenzo como unha partitura que marca o seu ritmo. A

música é asumida como necesidade fisiolóxica, repetindo esa práctica musical no lenzo ao punto de que son difíciles de separar ambas as disciplinas culturais.

A súa dinámica obra desenvólta nun vaivén formal, comezou inicialmente con liñas brancas que nacían dun punto e sucedíanse en xiros ata alcanzar o límite do lenzo. A esas pinturas súmanse pezas novas enriquecidas con transparencias e outras cores entre as que vibran lilas, verdes, amarelos ou laranxas e xogos cromáticos diferentes ao inicial monocromo azul para cargarse de pletóricas disposicións lineais.

Novos patróns xurdidos de esquerda a dereita ou de arriba a abaixo enriquecen o seu discurso, un conceptual camiño procesual que se aproxima a experiencias orfistas en canto a dotar de son a color coa intención de transmitir emocións humanas excitantes e vivaces. Con gran elegancia visual, as abstraccións de Ana, rexistran o tempo musical, unha temporalidade derramada no lenzo pretendendo que o espectador non só a sinta senón que a escoite. Consegue que os instantes investidos na práctica pianística se convertan en pezas pictóricas singulares e únicas.


Podería parecer todo moi complicado, pero o espectador enténdeo e desfruta ao deslizar a súa vista sobre a obra, tal e como a autora desliza os seus dedos sobre o piano.

ANA
PÉREZ
VENTURA

Étude n°228, 2019.


Acrílico sobre lenzo. 114 x 162 cm






12 Études, 2014-2017.
Acrílico sobre lenzo. 158 x 172 cm









Étude n°262, n°261, n°256, n°265, 2021.

Étude n°284, n°268, n°254, n°259, 2021.

Étude n°263, n°252, 2021. **Étude n°264, n°283**, 2022.

Acrílico sobre lenzo. 158 x 172 cm











Étude n°272, 2022.
Acrílico sobre lenzo. 80 x 120 cm








Étude n°282, 2022. ◀
Acrílico sobre táboa. Ø 40 cm

Étude n°285, 2022. ■
Acrílico sobre táboa. Ø 40 cm

Étude n°286, 2022. ▶
Acrílico sobre táboa. Ø 40 cm



Étude n°126, 2012.
Acrílico sobre lenzo. 130 x 97 cm



Étude n°127, 2012. ◀
Acrílico sobre lenzo. 130 x 97 cm

Étude n°105, 2012. ▶
Acrílico sobre lenzo. 130 x 97 cm



◀ **Étude n°164**, 2013.
Acrílico sobre lenzo. 146 x 114 cm

▶ **Étude n°165**, 2013.
Acrílico sobre lenzo. 146 x 114 cm



▶ **Trois Études**, 2014.
Acrílico sobre lenzo. 100 x 249 cm





Artista Visual e pianista. Vive e traballa en París, Francia. / www.anaperezventura.com / ana@anaperezventura.com

- 2009/11 Université Sorbonne-Paris IV. Máster en Música. Especialidade en Música e Artes Plásticas.
2003/08 Conservatorio Superior de Música de Vigo. Título Superior de Música con especialidade en piano.

- 1999/04 Universidade de Vigo. Licenciatura en Belas Artes con especialidade en Pintura.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS (ESCOLMA)

- 2023 **Medindo o xesto. Trazando o tempo.** Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard. Centro Cultural Marcos Valcárcel. Deputación Ourense.
2022 **Tourner la page.** Galería Metro. Santiago de Compostela.
Sincronía. Tempo e xesto. Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard. Museo do Mar de Galicia, Vigo.
2020 **Cuestión de tempo.** Espazo Torrado, Cambados.
2019 **Études.** Galería Metro, Santiago.
2017 **La Mesure du Temps.** H Gallery, París, Francia.

- 2014 **Vibrations.** Galerie Artemper, París, Francia.
2013 **Espace et répétition.** Maison des Étudiants Suédois. Cité Internationale Universitaire de Paris, París, Francia.
2012 **Le temps comme espace.** Maison de la Recherche de l'Université Paris-Sorbonne, París, Francia.
2010 **Études.** Colegio de España. Cité Internationale Universitaire de Paris, París, Francia.

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS (ESCOLMA)

- 2022 **Salon des Réalités Nouvelles.** Réfectoire des Cordeliers, París, Francia.
Sons improbábeis. Auditorio de Galicia, Santiago.
Cruzamentos na arte galega da Colección CGAC. CGAC, Santiago.
2021 **Néboas de luz. Unha mirada a Galicia – Colección CGAC.** Centro Cultural Marcos Valcárcel, Ourense.
Salon des Réalités Nouvelles. Espace Communes. París, Francia.
Estampa. Galería Metro, Ifema. Madrid. España.
2020 **Confinados.** Galería Metro, Santiago.
Couleurs. Galerie Abstract Project, París, Francia.
JustMad XI. Galería Metro. Palacio de Neptuno, Madrid.
2019 **Salon des Réalités Nouvelles.** Parc Floral, París, Francia.
XI Premio Auditorio de Galicia. Auditorio de Galicia, Santiago.
JustMad X. Galería Metro. Palacio de Neptuno, Madrid.
2018 **365 Artists 365 Days Project: The Show.** The Frank Juarez Gallery,

- Milwaukee. Estados Unidos.
Dessins ?. H Gallery, París, Francia.
Abstractson. Abstract projet, París, Francia.
2017 **Format de poche.** Abstract projet, París, Francia.
X Premio Auditorio de Galicia. Auditorio de Galicia, Santiago.
RN Hors les Murs. Château de la Veyrie, Bernin. Francia.
2016 **Harmonies Constructivistes.** Galerie Sisso, París, Francia.
50 Negros–Misha Bies Golas. Universidade Pol. de Valencia, Valencia.
2014 **RN Hors les murs.** Guoyi Art Museum, Beijing, China.
La Vietnamita. Espacio OTR. Madrid
8º Premio Auditorio de Galicia. Santiago.
2013 **NordArt 2013.** Kunstwerk Carlshutte, Büdelsdorf. Alemaña.
XI Bienal Pintor Laxeiro. Museo Ramón María Aller, Lalín.

PREMIOS E BECAS

- 2014 Premio de la revista Artension | Salon des Realites Nouvelles (Francia)
2012 Beca II Encontro de Artistas Novos | Cidade da Cultura de Galicia
2010-11 Beca Fundación Pedro Barrié de la Maza

- 2009-10 Beca Fundación Segundo Gil Dávila
2003-04 Beca Séneca. Facultade de Belas Artes de Barcelona

COLECCIÓN PÚBLICAS

Centro Galego de Arte Contemporánea, Sección CGAC - Xacobeo | Colexio de España, París. Francia | Centro Galego de Barcelona.

GONZALO
SELLÉS
LENARD

Serie Fuzzi. ByN II, 2012.
Acrílico sobre lenzo. 97 x 130 cm









Serie Fuzzi. ByN I, 2012.

Acrílico sobre lenzo e táboa. 120 x 120 cm








Serie Fuzzi. ByNI, 2012.
Acrílico sobre lenzo. 97 x 130 cm












Serie Fuzzi. ByN III, 2015.
Acrílico sobre lenzo e táboa. 120 x 120 cm





Serie Fuzzi. N+R I y II, 2022.


Acrílico sobre lenzo. 40 x 40 cm

Serie Fuzzi. R+B+N I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, 2012-2022.

Acrílico sobre lenzo. 40 x 40 cm


Serie Fuzzi. ByN I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI, 2012-2022.

Acrílico sobre lenzo. 40 x 40 cm





Serie Fuzzi. ByN III, 2012.
Acrílico sobre lenzo. 97 x 130 cm



GONZALO SELLES LENARD

FERROL, 1965

Artista Visual. Comisario de Arte. Xestor Cultural. Ex-galerista. Vive e traballa en Vigo / www.gonzaloselleslenard.com / visuallabora@yahoo.es

2020 Grado na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Especialidade pintura. TFE - Colección Eiravella.
1991/94 Diplomado na Escola Superior de Conservación e Restauración de

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS (ESCOLMA)

2023 **Medindo o xesto. Trazando o tempo.** Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard. Centro Cultural Marcos Valcárcel. Deputación Ourense.
2022 **Sincronía. Tempo y gesto.** Ana Pérez Ventura – Gonzalo Sellés Lenard. Museo del Mar de Galicia. Vigo.
2019 **Un-Limited.** Sala Cámara Municipal Caminha. Portugal.
2015 **Lóxica temporal.** Galería Soho de Vigo. Vigo.
Lóxica temporal. Sala Santa Cecilia, Ateneo. Marín. Pontevedra.
Lóxica temporal. Sala edif. admin. Xunta de Galicia. Pontevedra.
2014 **Flora Loira.** Hotel-Spá Monte Prado. Monção. Portugal.
2012 **Un-Limited.** Centro Cultural de Beade. Vigo.
FUZZI. Sala Palacete Mendoza. Turismo Diputación Pontevedra.

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS (ESCOLMA)

2022 **Exposición Solidaria** – Fundación Bienal Int. Arte Cerveira. Portugal.
2019 **Encontro Luso-Galaico.** Vila Nova de Ançora. Portugal.
2017-19 **XII Bienal Eixo Atlántico.** Exp. itinerantes Norte Portugal Galicia.
2017 **13 = miscelánea.** Galería Soho de Vigo.
Libros de artista. XIX Fund. Bienal Int. Arte Cerveira. Portugal.
XXII Bienal Arte no Morrazo. Sala Auditorio. Concello de Cangas.
encontros, desencontros... naturais. Quadro. Vigo.
Fluído no Lérez V. Encontro Arte e Natureza. Concello de Pontevedra.
2017/19/22 **Unha viaxe solidaria e creativa á vida.** Sala I Afundación. Vigo.
2016 **Camiños ó bo trato.** Sala I Afundación. Vigo.
2015-17 **XI Bienal Eixo Atlántico.** Exp. itinerantes Norte Portugal Galicia.
2015/16 **Colectiva Nadal.** Galería Soho de Vigo.
2015 **THAT!** Sala edificio administrativo Xunta de Galicia. Pontevedra.
Andante. Galería Apostrophe'. Vigo.
Artistas internacionais. Ordem dos Médicos. Oporto. Portugal.
XXXI Certame Pintura. Concello de Cambre. A Coruña.
2014 **Portas Abertas.** Fundação Eugenio Almeida. Évora. Portugal.
Mercart. I Feria Arte. Vilagarcía de Arousa.

Bens Culturais de Galicia. Esp. pintura. 1ª promoción. Pontevedra.
1990/92 **Facultade de Belas Artes de Pontevedra.** Universidade de Vigo.
Primeira promoción. 1º Delegado alumnos. 1º Estatutos asociación de estudantes.
1985/87 **Estudos na Escola Univ. de Enxeñaría Técnica Industrial de Vigo.**

(De) Serie'4. Sala Edificio Multiusos Xunqueira. Concello Redondela.
2011 **(De) Serie'5.** Sala Edificio Xunta de Galicia. Pontevedra.
Flora-Loira. Detrás do Marco. Vigo.
2010 **Xornadas Arte e Gastronomía.** A Rotonda. Hotel Zenit. Vigo.
2009 **Un-Limited** Centésima Páxina. Braga. Portugal.
2007 **Pintar con Luz.** Instalación fortaleza Valença, obra seleccionada. XIV Bienal Internacional de Vilanova de Cerveira. Portugal.
2003 **Visual Labora.** Galería de Arte Contem. Visual Labora. Vigo.
1999 **Visual Labora.** Galería de Arte Contem. Visual Labora. Vigo.
1998 **Flora Loira.** Casa da Cultura. Melgaço. Portugal.
1991 **Alumno de Belas Artes.** Real Club Náutico Mar de Aguete. Marín.

Portas Abertas. Hotel-rural Malaposta. Vila Nova de Cerveira. Portugal.
2013 **XI Bienal Pintor Laxeiro.** Museo Ramón Mº Aller. Lalín. Pontevedra.
Andante. Centro Cultural. Deputación de Ourense.
2012 **Solidarizarte.org.** Casa das Artes. Concello de Vigo.
2011 **XVI Certame Arte no Morrazo.** Concello de Cangas. Pontevedra.
2010-12 **XV-XVI-XVII Mostra de Artistas da Bisbarra.** Castelo de Soutomaioir. Concello de Soutomaioir e Deputación de Pontevedra.
2010 **XIII Premio Pintura Terras de Iria.** Concello Padrón, Rois e Dodro.
Haití. Museo de Pontevedra. Sexto Edificio. Deputación Pontevedra.
Camiño de Camiños. Multiusos. Concello de Redondela.
2009-11 **Arte na Leira.** Serra de Arga. Caminha. Portugal.
2008-10/12 **Caritarte.** Sala Rivas Briones. Concello Vilagarcía de Arousa.
2007 **Intramuros.** Convento Santo Domingo. Lanzarote. Canarias.
Arte & Alzheimer. Estación Marítima Porto de Vigo.
Pintar con Luz. Instalación fortaleza Valença, obra seleccionada. XIV Bienal Internacional Vila Nova Cerveira. Portugal.
2006 **Contemporánea Nadal 06.** Galería A Carón do mar. Cangas.
2004 **Fotografía sen Fotografía.** Sentidos Gratis. Lab. das Artes. Guimaraes.

- 2005 **Exposición inauguración galería.** Galería Campo das Redes. Redondela.
- 2003 **Sentidos Gratis 6.0..** Convento San Francisco. Coimbra. Portugal.
- 2002 **Obra Gráfica Cubana Actual.** Galería Visual Labora. Vigo.
Arte para Levar. Galería Visual Labora. Vigo.
Sentidos Gratis 5.0. Oporto. Portugal.
- 1999/00 **Supermercado da Arte.** American Prints-Visual Labora. Vigo.
- 1999/03 **Galería de Arte Visual Labora.** Vigo. 36 Exp. comisariadas. Vigo.
- 1999 **I Salón de Arte VIGART.** VIGOFEIRA. Recinto Feiral Cotogrande, Vigo.
- 1997 **Formato Cadrado 30 x 30.** Exposición itinerante; Concellos de Ortigueira, Ordes, Betanzos e Ferrol. A Coruña.
- 1996 **Formato Cadrado 30 x 30.** Sala dos Peiraos. Concello de Vigo.
- 1995-99 **Arte na Estación.** Estación de RENFE. Asoc. Artistas Plásticos Vigo.
Feira Artes Plásticas. Estación RENFE. Asoc. Artistas Plásticos Vigo.
- 1994-99 **Feira Debuxo Gravado Galicia.** Consellería Cultura. Xunta de Galicia.
- 1993 **Pequeno Formato.** Sala exp. Delegación Cultura. Xunta. Pontevedra.
- 1992 **Pequeno Gravado.** Sala exp. Delegación Cultura. Xunta. Pontevedra.
- 1991 **Exposición-Inauguración** do Centro Cultural Xinzo de Limia. Ourense.
Belas Artes 91. Casa das Artes de Vigo.
Alumnos de Belas Artes. Real Club Náutico Mar de Agüete, Marín.
Colectivo de Artistas Galegos. Sala Exposicións BBVA Vigo.
I Concurso fotográfico. Xunta do Porto de Vigo.
Arte Xoven Galega. Vigo.
- 1990 **Artistas Vigueses Casco Vello.** Sala Exposicións RENFE Vigo.
3 Xoven pintura viguesa. Sala de Exp. do Círculo Mercantil de Vigo.
Casa da Xuventude de Vigo. Concello de Vigo.
- 1989/90 **Novos Valores.** Deputación de Pontevedra.
- 1989 **46 xoves artistas vigueses.** Sala de exp. Colexio Arquitectos Vigo.
- 1988 **4 artistas vigueses.** Sala de Exp. Unturbe. Edificio Sereas. Segovia.
EBDAP. Sala da Delegación de Cultura da Xunta de Galicia. Pontevedra.
EBDAP. Sala de exp. do Hotel Araganey. Santiago de Compostela.
EBDAP. Centro cultural Cidade de Vigo. Sala exp. Concello de Vigo.
- 1983 **Arte Xove Galega.** Vigo.

CURSOS, TALLERES E SEMINARIOS DE ARTE (ESCOLMA RECENTE)

- 2022 Seminario **El múltiple que ocupa el espacio. Arte múltiple e instalación.** Por Ana Soler Baena. Dx5. Universidade de Vigo. Xunta de Galicia.
- 2022 Curso **Percorrer o tempo** Por Cristina de Middel y Bandía Ribeira. Museo do Mar de Galicia. Vigo.
Curso Fotogrado Solarplates non tóxico Por Gloria Alonso. Facultade de Belas Artes. Pontevedra.
- 2020 Curso **Cubismo cultura moderna.** MNCARS Fundación Telefónica.
- 2019 Encontro Luso-Galaico. Por Joao Fernandes. Vila Nova de Ançora.
- 2018 Curso **Cartografía da fotografía Actual.** Por Carmen Dalmau. Vigo.
- 2017 **#EAN7.** VII Encontro artistas novos. Cidade da Cultura. Santiago.
Curso Libros de artista. Por Ana María Pintora. XIX Fundación Bial Internacional Arte Cerveira. Portugal.
- 2017/16 Curso **Monográfico gravado relevo: Xilografía I, II e III.** por Rosa García. Emao Vigo.
- 2015 **Curso En (Re)torno á Paisaxe.** Por Ruth Montiel Arias. Mº de Pontevedra.
- Curso **Xestión Cultural 2.0.** Por Paula Cabaleiro. Sala Apo'strophe. Vigo.
- 2014 **Xornadas Arte en acción. Historia, Obradoiro performances en vivo.** Fundación Laxeiro. Vigo.
- 2012 Taller fotografía, por Joan Fontcuberta. Premio Luis Ksado. Deputación da Coruña.
- 2010 Taller **O que a pintura non é,** por Almudena Fdez. Fariña. MARCO de Vigo.
Taller Xogando coa fotografía, por Carlos Puga. Museo Verbum. Casa das palabras. 19 febreiro a 7 de marzo. Concello de Vigo.
III Obradoiro de Gravado da Illa de San Simón, por Xavier de Sousa e Pilar Fernández Rey. Concello de Redondela. Pontevedra.
- 2008 **Crear cultura, imaxinar país.** XXV anos Consello da Cultura galega. Santiago de Compostela.
Creación artística e identidades culturais. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- 2006 Seminario **A Linguaxe dos Símbolos na Cultura Galega.** Concello Vigo.

COLECCIÓNS

Xunta de Galicia - Deputación de Pontevedra - Concello de Vigo - Zona Franca de Vigo - Puerto de Vigo - RENFE Vigo - Colegio de Arquitectos de Vigo - EMAO Vigo - Fundación Araganey Santiago - MOPU Pontevedra - Concello de Pontevedra - Facultade Belas Artes Pontevedra - ESCRBCG Pontevedra - Real Club Náutico Mar de Agüete, Marín - Concello de Redondela - Colección Andante. Allariz - Fundação Eugénio Almeida. Évora - Fundación Bial Internacional Arte Cerveira - Concello de Caminha - Colexio de Moaña - Cooperativa Árvore. Oporto - Sentidos Gratis. Oporto - Biblioteca Nacional. Madrid - Coleccións privadas e particulares.



MIDIENDO EL GESTO, TRAZANDO EL TIEMPO

FÁTIMA OTERO, comisaria de la exposición.

La exposición *Midiendo el gesto, trazando el tiempo*, transforma la sala 2 de exposiciones del Centro Cultural Marcos Valcárcel con formas pictóricas aditivas, trazos reiterativos y dinámicos capaces de aportar una sensación sonora a la sala expositiva.

En esta muestra conjunta del artista vigués Gonzalo Sellés Lenard (Ferrol, 1965) y Ana Pérez Ventura (Santiago de Compostela, 1981) artista asentada en París, se pone en valor el proceso, el tiempo y las variaciones rítmicas que se establecen al repetir un motivo de manera singular y totalmente original. Estas creaciones, lejos de nacer predeterminadas, surgen audaces, complejas y solo se descubren en su totalidad al recorrer la sala.

La muestra surge con la idea de forjar conexiones entre series que comparten elementos en común, aunque las respectivas trayectorias hayan ido por caminos separados. Largas series, *Fuzzy* y *Études*, se juntan

una vez más. Antes se admiraron en 2022 en el Museo del Mar de Galicia en Vigo, y por separado en importantes galerías. Actualmente se enriquecen con nuevas formas salidas directamente del taller, en las que se aprecia cómo ha ido evolucionando un trabajo serial, iniciado hace ya más de doce años.

Este proyecto invita a reflexionar sobre conceptos tan abstractos como el tiempo, la sincronía y el gesto con un impecable dominio de la técnica artística y un lirismo compositivo no exento de belleza. Ambos pretenden capturar la intangibilidad del tiempo en más de 300 obras que nos transportan a territorios emocionales en los que potenciar nuestros sentidos. Las obras presentadas se vislumbran más activas que nunca y no dejan de circular y cobrar nuevos giros en un viaje que se antoja ilimitado.

El comienzo de esta ruta existencial de Sellés Lenard parte de una forma vegetal multiplicada incansablemente por dispo-

sición aditiva en un sinfín, con el propósito de registrar la temporalidad a través de la obsesión reiterativa, muy en la línea de On Kawara y Roman Opalka. Así enlaza motivo tras otro, secuencialmente, de manera cadenciosa y rítmica con la misión de dotar de dinamismo a unas composiciones, si cabe, de mayor elegancia visual.

El sentido de *Fuzzy* lo da la melódica repetición de un mismo elemento en sucesión, que mide el tiempo y registra su monotonía y la acción rítmica de ir enlazando pétalos para crear delicadas secuencias que cambian al albur del creador. El artista aúna la filosofía Zen con la estética naturalista en su acercamiento a los fenómenos naturales, pero maneja formas y gamas exclusivamente salidas del tubo de pintura para luego mezclarlas sabiamente en aras de conseguir impolutos blancos y fabulosas gamas en grises. Aplica ricas tonalidades pacientemente degradadas para generar todo un juego de

claroscuros que dotan de intriga a sus originales composiciones.

Sellés persigue la belleza formal por eso se sirve de fondos extremos en los que pasa de la fogosidad más absoluta a la más profunda de las tinieblas. A sabiendas de que toda belleza pierde su existencia si se suprimen los efectos de la sombra; de ahí que sus figuras colocadas en la oscuridad emitan tanta irradiación.

Nuevas formas enriquecen esta serie. Se han diversificado en formatos geométricos: triangulares, cuadrangulares, circulares o cilíndricos, siempre cargadas de crecimiento vegetal interior. En muchos cuadros, las formas estrelladas se disponen aleatoriamente por todo el lienzo. Refulgen al destacar sobre fondos candentes, altamente cargados de energía. Centellean por una preciosista carga matérica en tonalidades decrecientes del blanco roto al gris. Son brillantes formaciones inundadas de luz por la habilidad en el manejo de una coloración especial capaz de conseguir un relieve sobrecogedor y perturbador que incita a acariciar.

A veces, el crecimiento vegetal al que nos tiene acostumbrados resulta pendular, próximo a estructuras vegetales colgantes. En ocasiones, las caídas fluidas ocupan todo el lienzo, necesitando a un atento espectador para activar un movimiento ilusorio en patrones estáticos, muy en la línea del Op Art. Otras veces, el motivo se dispersa en ramificaciones oblicuas o fluye diagonalmente para hacernos pensar en formaciones fitológicas como atrapadas en profundidades insondables.

Las formas naturales desde siempre han sido aliento y alimento de su trabajo serial. *Fuzzy* parte del concepto de lógica difusa para establecer una relación entre los pro-

cesos de formación vegetal y los procesos de creación pictórica.

Una labor sumamente preciosista, personal e íntima es la de este vigués, que sigue la tendencia oriental de Tanizaki de hallar belleza en la oscuridad. Así, de la más abisal de las profundidades, emergen nuevas y pletóricas floraciones rojizas, encendiendo los oscuros fondos en las que se alojan.

Ana Pérez Ventura, en su serie *Études* iniciada en 2007, traduce a nivel visual la experiencia invisible de la música. Visualiza el sonido mediante líneas, colores, capas de barnices y veladuras. El ritmo producido por la repetición sistemática de un mismo gesto es fruto de descontextualizar con fines estéticos los ejercicios de aprendizaje de los estudios musicales. Los movimientos de sus manos al piano se funden con los de la práctica pictórica ocupando el espacio compositivo de manera circular.

Con la intención de evitar un nulo margen de error, la precisión, paciencia y disciplina son excelentes. Por ello, la artista idea un rotulador especial cargado de acrílico, idóneo para no levantar la mano del lienzo y producir regulares y seguidas líneas circulares a las que superpone capas y más capas de veladuras. Y así conforma conglomerados en el espacio como un totum revolutum. En la superficie quedan signos, los arremolinamientos del trazo, una especie de caos suficiente para incitar el efecto sonoro en la composición.

La artista compostelana residente en París, consigue atrapar el tiempo intangible de la música con gran elegancia formal. La experiencia etérea, evasiva y huidiza se hace corpórea y textural para invitar a todo espectador sensible a presentir la sugerencia melódica. Un trabajo que requiere de máxima concentración iniciado hace ya quince

años y que continúa activo, aunque en el camino hayan surgido nuevas series tan atractivas como los *Notages* o los *Neumas*. Estos últimos forman parte de la colección del Centro Gallego de Arte Contemporáneo.

Toda su producción emana de las líneas melódicas de las partituras. De hecho, entiende el lienzo como una partitura que marca su ritmo. La música es asumida como necesidad fisiológica, repitiendo esa práctica musical en el lienzo al punto de que son difíciles de separar ambas disciplinas culturales.

Su dinámica obra desenvuelta en un vaivén formal, comenzó inicialmente con líneas blancas que nacían de un punto y se sucedían en giros hasta alcanzar el límite del lienzo. A esas pinturas se suman piezas nuevas enriquecidas con transparencias y otros colores entre los que vibran lilas, verdes, amarillos o naranjas, y juegos cromáticos diferentes al inicial monocromo azul para cargarse de pletóricas disposiciones lineales.

Nuevos patrones surgidos de izquierda a derecha o de arriba abajo enriquecen su discurso, un conceptual camino procesual que se aproxima a experiencias orfistas en cuanto a dotar de sonido al color con la intención de transmitir emociones humanas excitantes y vivaces. Con gran elegancia visual las abstracciones de Ana, registran el tiempo musical, una temporalidad derramada en el lienzo pretendiendo que el espectador no solo la sienta sino que la escuche. Consigue que los instantes invertidos en la práctica pianística se conviertan en piezas pictóricas singulares y únicas.

Podría parecer todo muy complicado, pero el espectador lo entiende y disfruta al deslizar su vista sobre la obra, tal como la autora desliza sus dedos sobre el piano.

